

A CARPETA

«Escrita», n.º 1

Por VICTOR F. FREIXANES

Unha nova voz é sempre unha nova voz. E, ademais, neste caso é tamén unha voz nova. Os escritores galegos (a **Asociación de Escritores en Lingua Galega**) xa teñen voceiro propio, un pouco temesiño aínda, revista de «información cultural, comunicacións, traducións, psicoanálise, arte, cómic e creación»: **Escrita** n.º 1, verán de 1983. Na penúltima páxina, cáseque como colofón, ven unha cita de **Roland Barthes**: «a revista (calquera revista) é unha etapa da escrita: a etapa na que se escribe para ser amado por todos aqueles que se coñecen...»

Non é a primeira vez que escoito esta definición en escritores de grandes sona. ¿Por qué se escribe? Sempre se escribe por amor (aunque o amor sexa, ás veces, traidor e con-

traditorio de mais). Escríbese por amor á lingua, por amor ós lectores, por amor á comunicación a través da palabra, por amor á propia literatura e ó mundo máxico-real que aburbulla dentro de cada un de nós... O acto da comunicación (e a literatura é tamén un acto de comunicación) é sempre un acto de amor. Comunicar é compartir cousas, mundos, experiencias, palabras... Penso que foi o propio **García Márquez** quen, logo de moitas voltas sen dar coa explicación axeitada, veu dicir que el escribía tan só «para que a xente o quixese un pouquiño mais». E se cadra é tamén así.

Pero na cita de Barthes hai algo mais: «...para ser amado por todos aqueles que se coñecen...» Dito doutra maneira: por todos aqueles que navega-

mos no mesmo barco. Unha chamada á solidariedade, á unidade de esforzos e obxetivos comúns. A Asociación de Escritores, que naceu non sen problemas en 1980 e convocou daquela o **Congreso de Polo**, precisa, se quere saír adiante, dun pulo renovador, unha chamada xenerosa a esa necesaria unidade de esforzos, unha política capaz de esluir os prexuízos e as desconfianzas dos que aínda —polas razóns que sexan— están fóra. Precisa tamén dunha xestión mais activa, realista, alén das capelas e dos grupellos, cara unha plena consolidación e unha verdadeira eficacia. Garantizar a continuidade desta revista que aquí celebramos (o seu órgano de expresión pública) sería unha primeira proba de saúde. E todos necesitamos dela.